

Informe da Directora

Xunta de Escola, 8 de xullo de 2025

1 Actividades de representación

- 5 de xuño. Asistencia da directora, en representación da Escola e por invitación da COMGA, ao evento STONEGAL (feira e congreso de pedra natural e os seus usos).
- 14 de xuño. Asistencia da directora, en representación do centro, aos actos de celebración de Santa Bárbara de verano, organizados polo COIMNE e que tiveron lugar en Vigo.
- 27 de xuño. Asistencia da directora, en representación do centro, ao acto de presentación do “*Mapa de Instalacións xeotérmicas de Galicia*” de Galicia e a “*III Edición dos Premios á promoción e divulgación da Xeotermia*”, por invitación de ACLUXEGA, evento que tivo lugar en Santiago de Compostela.

2 Reunións de traballo

- 11 de xuño. Reunión cos organizadores da fase nacional da Olimpíada de Xeoloxía 2026.
- 4, 10, 12, 17 de xuño. Reunión das persoas que participan na elaboración da proposta de presentación do proxecto de cooperación ao desenvolvemento desde a Escola.

Agradécese o traballo realizado polas persoas que participaron nestas actividades.

3 Divulgación científica e captación de alumnado

3.1 Participación en FEIRAS

Data	Nome	Lugar de Celebración	Público/Centros	Actividade	PDI participante
30/05/2025	A Ciencia que ven ten nome de muller (Programa Ciencia de Ida e Volta – UCC)	Lalín	Centros educativos do concello (5º e 6º primaria). Público xeral	Stand da EEME. Obradoiro sobre Termografía Infravermella	Diego Costas Miguel Martínez Raquel Pérez

3.2 Outras actividades

Data	Centro	Número asistentes	Curso	PDI participante	Actividade	Lugar /Responsable
20/06/2025	Xornadas de Portas Abertas Virtuais (SIE – Uvigo)	4	Preuniversitario e familias	Raquel Pérez	Sesión informativa sobre a oferta formativa (Graos) da Escola	Virtual

3.3 STEMBach

30 de maio. Defensa STEMBach 2021/2023. Proxecto de David Martínez (IES ROU) titulado “*Biomasa residual como fonte de biocombustible*”, titorizado por M. Asunción. Longo, Ana Rodríguez e Francisco J. Deive e no que participou no tribunal Salomé Álvarez en representación da Escola.

Agradécese ás persoas que participaron nas actividades de divulgación e a Raquel Pérez o labor de coordinación.

4 Igualdade

Infórmase do cese da profesora Generosa Fernández como Enlace de Igualdade da escola, a quen se lle agradece o traballo realizado durante estes anos e a súa implicación e xenerosidade para sacar adiante as actividades e proxectos en materia de igualdade na Escola.

A persoa que a substitúe é María Pazo Rodríguez.

5 Desenvolvemento titulacións

5.1 Viaxe de estudos

A viaxe de estudos de estudantado realizouse entre o 10 e 13 de xuño de 2025. O estudantado visitou as instalacións de REGANOSA, NORVENTO, Mina Sonia (CUARZOS INDUSTRIAIS), ARCELOR-MITTAL e as instalacións de ciclo combinado de EDP en Soto de Ribeira. A Escola agradece ao COIMNE e Consello Social o apoio económico recibido para realizar a actividade e a todas as empresas que recibiron e atenderon ao estudantado. Agradécese ás profesoras Marta Cabeza e Salomé Álvarez o seu labor acompañando ao estudantado ao viaxe e a Francisco Deive a organización.

6 Plan de Acción Titorial

6.1 Actividades de orientación académica e profesional

- 3 de xuño. Sesión informativa do Máster Universitario en Enxeñaría de Minas, impartida pola coordinadora Elena Alonso.
- 27 de xuño de 2025: Sesión informativa ao alumnado de 2º e 3º do grao IRME para informar sobre as tres mencións do grao. participaron María Pazo (Recursos Enerxéticos, Combustibles e Explosivos), María Araújo (Explotación de Minas) e Iria Feijoó (Enxeñaría de Materiais).

7 Cooperación ao desenvolvemento

Organizouse un grupo de traballo para presentar unha proposta de creación de grupo de investigación en cooperación ao desenvolvemento da Escola no marco da convocatoria da “ORDE do 15 de maio de 2025 pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de subvencións, en réxime de concorrència competitiva, para a realización de proxectos de investigación e para a creación de grupos de investigación en materia de cooperación para o desenvolvemento, no marco da Axenda 2030, que executarán os grupos e centros de investigación das universidades galegas, e se procede á súa convocatoria para o ano 2025”.

Presentouse a solicitude de creación do grupo de investigación SOSTerra, formado por Elena Alonso (coordinadora), Santiago Pozo, Teresa Rivas, María Araújo, Gonzalo Méndez, Francisco Deive e unha proposta de proxecto de cooperación para desenvolver unha actuación con persoal da ESPOCH (Ecuador).

8 Acto de Graduación

O 13 de xuño celebrouse o Acto de Graduación da 12ª promoción do Grao en Enxeñaría da Enerxía, a 12ª do Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos e a 10ª do Máster Universitario en Enxeñaría de Minas. A mesa foi presidida pola Vicerreitora de estudantado e Empregabilidade da Universidade de Vigo, Natalia Caparrini. Ademais, estiveron na mesa Abel Caballero, Alcalde do Concello de Vigo, Juan José Fernández, Decano-Presidente do “*Ilustre Colegio de Ingenieros de Minas del NO*”, Miriam Couso, Vicepresidenta do “*Ilustre Colegio de Ingenieros Técnicos y Grados de Minas y Energía de Galicia*” e Elena Alonso, Directora da Escola.

Os Padriños da Promoción foron os profesores Eduardo Liz e Raquel Pérez Orozco (Graos) e Rubén López (Máster en Enxeñaría de Minas) e a intervención inicial foi impartida por Manuel Costa Camarero, egresado da Escola e actualmente consultor en *Octopus Energy Services*, quen trasladou a súa experiencia no desenvolvemento da súa actividade profesional.

Ademais, fíxose entrega dos seguintes premios:

- Premio COIMNE, ao mellor expediente do Grao EE (X promoción): Xandre Costas Pérez
- Premio COITMGA, ao mellor expediente do Grao ERME (X promoción): Abraham Novas Verde
- Premio COIMNE, ao mellor expediente do MUEM (IX promoción): Alejandro Peña Villasana.

O acto foi amenizado polo coro ELASONG.

Agradécese a persoas que participaron no desenvolvemento do acto e a María Araújo, Raquel Pérez e Carmen Romo a organización e a María Araújo a coordinación.

9 Próximas actividades

- Estase a celebrar o Curso de formación para docentes “*Emprego da IA na docencia*”. Datadas: 1, 2, 3 e 10 de xullo (sesións 1, 2, 3 e 4). As sesións 1 e 4 son para todos e as sesións 2 e 3 segundo interese do profesorado. Participan 24 profesores/as da Escola. Ademais, estase a organizar un curso para o alumnado das materias nas que se apliquen.
- Celebración da Xornada “*A muller na enxeñaría de minas, materiais e enerxía*”, en setembro.

- Presentación dos proxectos de innovación docente da Escola (Raquel Pérez Orozco e Teresa Rivas) no marco da convocatoria de proxectos de innovación docente en Facultades e Escolas da UVigo 2025.

10 Prensa

10.1 XEODA

A Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía estreou este curso un “*museo virtual*” que pon ao alcance do público as 200 especies minerais máis abundantes na codia terrestre e de máis interese como recurso económico. Posto en marcha polo grupo de innovación docente Xeoda da Universidade de Vigo, trátase dunha adaptación ao formato dixital do libro *A practical guide to ore microscopy - volume I and II*, escrito por Ricardo Castroviejo, catedrático emérito da Universidad Politécnica de Madrid, e publicado pola editorial Springer en 2023.

Galego de nacemento, a amizade de Castroviejo cos profesores da Escola Leandro Alejano e Ignacio Pérez Rey, levouno a proporlles colaborar conxuntamente para crear este espazo web, ao que bautizaron como *Menas metálicas ao microscopio*, para o que contaron con financiamento dunha axuda propia da UVigo para os grupos de innovación docente. A coordinadora do proxecto é Teresa Rivas.

<https://www.uvigo.gal/universidade/comunicacion/duvi/enxenaria-minas-enerxia-estrea-museo-virtual-coas-200-especies-minerais-mais-comuns-codia-terrestre>

10.2 ENCOMAT

Investigadores do grupo ENCOMAT e do grupo e-Materiais da Universidade de Vigo levan varios meses traballando de maneira conxunta para buscar o xeito de incrementar a vida útil de estruturas de formigón reforzadas con aceiros de memoria de forma. A súa proposta é a aplicación de películas intelixentes autorreparadoras ou *smart coatings*, cuxa viabilidade están a estudar no marco do proxecto *SmartCoDur*, seleccionado dentro do Plan Estatal de Investigación Científica, Técnica e de Innovación (2021-2023).

<https://www.uvigo.gal/universidade/comunicacion/duvi/investigadores-uvigo-buscan-incrementar-vida-util-estructuras-formigon-reforzadas-aceiros-memoria>

10.3 INVESTIGADORAS

Publicouse a quinta edición do catálogo *Quero ser investigadora*. Nesta nova entrega, o proxecto adáptase á evolución do seu público cun cambio de formato que busca achegar aínda máis a realidade das científicas á rapazada: entrevistas en estilo directo, un audiolibro narrado polas propias protagonistas e unha versión de lectura fácil. No catálogo figura Mercedes Solla, profesora da Escola.

<https://www.uvigo.gal/universidade/comunicacion/duvi/uvigo-reforza-seu-compromiso-coa-divulgacion-coa-publicacion-5a-edicion-catalogo-quero-ser>

11 Premios e recoñecementos a comunidade

Ignacio Pérez-Rey, profesor da área de Explotación de Minas da Escola foi galardoado co *International Society for Rock Mechanis Young Rock Engineer Award*, que premia a excelencia en

investigación no ámbito da mecánica de rocas nas etapas iniciais da carreira investigadora. O premio foi entregado no marco das actividades do EUROCK 2025, celebrado en Trondheim (Noruega) do 16 ao 20 de xuño.